

Comisariado:
Braulio Vilariño

Instituto de Estudos Ulloáns
www.ieu.gal | institutoulloa@gmail.com

Castelo de Pambre (Palas de Rei – Lugo):
1 - 11 ao 31 - 3: de 12:00h. a 17:30h.
1 - 4 ao 31 - 10: de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h
tfno. 628 262 251

Deseño e maquetación: Azu Souto

Depósito Legal LU 85-2019



RÍO PAMBRE
BALNEARIO



CONCELLO DE PALAS DE REI



Chousas e bosquexos JOSÉ MANUEL MÉNDEZ

20 de xullo a 18 de outubro de 2019

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

SALA DE EXPOSICIÓNS CASTELO DE PAMBRE



Chousas e bosquexos JOSÉ MANUEL MÉNDEZ



Fillo da Ulloa e nado na diáspora (Mundaka, 1964), J. Méndez é artista e historiador da arte formado na Universidade do País Vasco, con doutoramento no estudo do pintor Alejandro Quincoces (Bilbao, 1951).

É posuidor de innumerabeis premios tanto nacionais como internacionais en debuxo, e en pintura, (acuarela, óleo, acrílico) técnicas das que está considerado un mestre.

A súa obra, ademais de expolerse en numerosas galerías e figurar en fundacións públicas e nas coleccións privadas dunha xeografía internacional.

Agora, na súa madurez creativa, volta á casa cun proxecto personalizado na paisaxe da infancia, CHOUSAS E BOSQUEXOS, no que con gran beleza e sensibilidade retrata e denuncia a desaparición do bosque autóctono fronte á cobiza humana nunha Galicia que esmorece no abandono do rural.

Trátase dunha obra marcada pola presenza do bosque, a mirada das árbores que intúen a súa extinción e aínda así non queren deixarnos en orfandade, sen o matrio acubillo vexetal.

As súas grises e pardas texturas aparecen na núa pregaría da saudade regada pola luz da Ulloa.

Camiños dos antergos polas chousas, ulidos e aprendidos nos infantís estíos, acompañando os rabaños que pacen en prados segados á beira de ríos limpos, líquidas tullas onde atesourar a xuventude.

Braulio Vilariño